

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que produce a publicación parcial da adxudicación das axudas da Orde do 1 de agosto de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

Na Orde do 1 de agosto de 2023 (DOG núm. 156, do 18.8.2023), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros.

As axudas ás universidades do SUG estarán cofinanciadas parcialmente nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 201-2027, dentro



do obxectivo político 4: unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 3: educación e formación; obxectivo específico ESO4.6: promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade; e medida 3.F.01: axudas á formación predoutoral.

Este programa procura a formación de persoas investigadoras para a obtención do título de doutora ou doutor e a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación dentro dun programa de doutoramento. Ademais, fináncianse estadias no estranxeiro de tres meses de duración, co obxecto de que poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2.4 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas a estas axudas.

De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días hábiles para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Axencia Galega de Innovación, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 14 de outubro de 2023 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas excluídas.

As solicitudes admitidas foron valoradas seguindo os criterios de valoración do artigo 10. A valoración da adecuación do proxecto de investigación á Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3) foi realizada por un grupo de traballo designado polo grupo técnico da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e á



persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 12 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 26 de outubro de 2023, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder parcialmente as axudas de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 1 de agosto de 2023 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución, en que se reflicte tamén a zona de estadia concedida para as persoas que a solicitaron.

No ámbito das universidades do SUG concédese un mínimo de 12 axudas por cada rama de coñecemento, de acordo co indicado no artigo 4.2 da convocatoria.

Segundo. Establecer a lista de espera para as universidades do SUG, que se inclúen como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 11. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola Comisión de Selección.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 1 de decembro de 2023, agás para as persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o 29 de febreiro de 2024. Os contratos regulados na Orde do 1 de agosto de 2023 serán interpretados e regulados consonte o establecido no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e as súas modificacións.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución, segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 15 das bases da convocatoria.



Universidades do SUG: 90 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026 nas anualidades de 2023, 2024, 2025 e 2026. As anualidades 2027 e 2028 imputaranse ao novo plan de financiamento universitario. As axudas ás universidades do SUG están cofinanciadas polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Núm. de axudas	Crédito (en euros)						Total
			2023	2024	2025	2026	2027	2028	
10.03.561B.444.0 (2016 00129)	UDC	24	24.000,00	43.292,64	187.951,12	44.757,60	41.544,72	84.624,96	426.171,04
	USC	50	50.000,00	90.192,85	424.231,50	93.245,45	86.551,20	176.302,00	920.523,00
	UVigo	16	16.000,00	28.861,76	120.634,08	29.838,40	27.696,48	56.416,64	279.447,36
10.03.561B.444.0 (2023 00074)	UDC	24	0,00	436.707,36	524.048,88	555.242,40	678.455,28	116.975,04	2.311.428,96
	USC	50	0,00	909.807,15	1.091.768,50	1.156.754,55	1.413.448,80	243.698,00	4.815.477,00
	UVigo	16	0,00	291.138,24	349.365,92	370.161,60	452.303,52	77.983,36	1.540.952,64
Total SUG		90	90.000,00	1.800.000,00	2.698.000,00	2.250.000,00	2.700.000,00	756.000,00	10.294.000,00

Sexto. As entidades beneficiarias deberán enviar un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades no caso das universidades do SUG, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



Oitavo. No ámbito das universidades do SUG, o importe dos contratos das persoas seleccionadas, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, aprobado pola Comisión Europea o 9 de decembro de 2022, e responde aos obxectivos previstos nel: obxectivo político 4: unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 3: educación e formación; ESO4.6: promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

O cofinanciamento realizarase segundo o sistema de custos simplificado que incorpora a operación conforme o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura. O método establecido é un custo unitario anual, de acordo co artigo 53.1.b) do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

As universidades do SUG beneficiarias teñen as seguintes obrigacións:

1) Están obrigadas ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular: o Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, e o Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013.

2) Require a observancia das normas de subvencionabilidade nacionais que estableza o ministerio con competencias en materia de traballo e seguridade social, mediante as que se determinen os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.



3) Implica a obrigación de asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, de ser o caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais así como con outros períodos de programación.

4) Require da concreción do adecuado rexistro dos datos de seguimento e avaliación da actuación, tanto para a acreditación da realidade da actuación como para recoller datos completos de participantes e entidades beneficiadas polas operacións precisos para dar cumprimento aos requisitos de subministración de información a través dos indicadores de realización e de resultados a que fai referencia o artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/1057 do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e que se especifican no anexo I do devandito regulamento. Garantírase que se dispoñerá dos datos individualizados de cada un dos destinatarios últimos das actuacións que permitan o cálculo dos devanditos indicadores.

5) Implica o cumprimento das exixencias de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas no capítulo III do título IV do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e dos demais requisitos establecidos para o efecto pola estratexia de comunicación do organismo intermedio. En concreto, deberá prestar especial atención ás obrigacións recollidas no artigo 50 do devandito regulamento e ter en conta as características técnicas detalladas no seu anexo IX e no documento O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027.

6) Leva aparellada a súa inclusión na lista de operacións regulada no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

7) Obriga a manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coas operacións, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

8) Require acreditar ante a autoridade de xestión ou, de ser o caso, o organismo intermedio, a realización da actividade e facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 74 e 81 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo.



9) Comporta, así mesmo, someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúen os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, as de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e outros órganos de control da Administración do Estado ou da Unión Europea, impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, achegando para iso tanta información lles sexa requirida.

10) Conforme o artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, supón conservar no nivel adecuado todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciban axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión ou, de ser o caso, o organismo intermedio, do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario.

11) Comporta a obrigaición por parte do órgano xestor, se é o caso, de comprobar que se mantén o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

12) Implica establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso (artigo 10.1 Regulamento de execución (UE) nº 1011/2014 da Comisión, do 22 de setembro) co fin de cumprir co establecido no artigo 69.8 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

13) Implica formalizar as listas de comprobación correspondentes, que servirán de base para as verificacións que leve a cabo o organismo intermedio.

14) Exixe aplicar as medidas de análises do risco e prevención da fraude que correspondan en función da operación executada, empregando para iso, entre outras, as ferramentas que lle sexan facilitadas polo organismo intermedio.

15) Implica colaborar co organismo intermedio na revisión anual que se realice do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, de acordo con os artigos 41 e 42 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

16) Comporta, no caso de que a actuación fose seleccionada como unha operación de importancia estratéxica para o programa FSE+ Galicia 2021-2027 en relación co artigo 2 (5) do Regulamento (UE) nº 2021/1060, ou que o seu custo total sexa superior a 10.000.000,00 euros, velar polo cumprimento dos requisitos exixidos para a súa imple-



mentación, en especial levar a cabo aquelas actividades de comunicación exixidas no artigo 50.1.e) do mencionado regulamento.

17) Implica contribuír, de ser o caso, ao obxectivo de promover o desenvolvemento sustentable establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, o Acordo de París e o principio de non causar un prexuízo significativo.

Noveno. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de
Cultura, Educación, Formación Profesional
e Universidades

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía, Industria
e Innovación e presidenta da Axencia
Galega de Innovación

ANEXO I

Axudas concedidas

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-005	Gelpi	Santos	María	2	Ciencias	84,8515
ED481A-2023-220	González	Tabernerero	Víctor	3	Ciencias	84,0798
ED481A-2023-047	Tuñas	Maceiras	Isabel	3	Ciencias da Saúde	79,1475
ED481A-2023-202	Estévez	Fernández	Ana Belén	3	Ciencias da Saúde	75,3508



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-191	Silva	Díaz	Manuel	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	88,0671
ED481A-2023-174	Hermo	Rebollido	Laura	1	Ciencias Sociais e Xurídicas	76,8778
ED481A-2023-203	Varela	Fernández	Paula	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	72,2433
ED481A-2023-042	García	Expósito	Lucía	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	71,7339
ED481A-2023-219	Soler	García	David	3	Enxeñaría e Arquitectura	89,3911
ED481A-2023-057	Rodríguez	Iglesias	Alonso	3	Enxeñaría e Arquitectura	86,6823
ED481A-2023-006	Romero	Velo	Hilda	1	Enxeñaría e Arquitectura	85,8159
ED481A-2023-187	Pérez	Jove	Rubén	3	Enxeñaría e Arquitectura	85,6826
ED481A-2023-035	Maseda	Dorado	Tomé	2	Enxeñaría e Arquitectura	84,4340
ED481A-2023-152	Goyanes	González	Elena	2	Enxeñaría e Arquitectura	83,0367
ED481A-2023-072	Díaz	Longueira	Antonio Javier	3	Enxeñaría e Arquitectura	82,7008
ED481A-2023-059	Figueroa	Triana	Jorge	2	Enxeñaría e Arquitectura	81,3900
ED481A-2023-034	Suárez	Marcote	Samuel	2	Enxeñaría e Arquitectura	80,7700
ED481A-2023-033	Rodríguez	Pedrouzo	Ana	3	Ciencias	83,0288
ED481A-2023-040	Pérez	Martínez	José Manuel	2	Ciencias	82,3671
ED481A-2023-099	Fernández	Labandeira	Natalia	3	Ciencias	80,5727
ED481A-2023-200	Pardo	Otero	Eva	2	Ciencias	79,5642
ED481A-2023-109	Pérez	Villarino	Joel	2	Ciencias	77,4075
ED481A-2023-008	Magaz	Romero	Samuel	2	Enxeñaría e Arquitectura	76,7653
ED481A-2023-179	López	Martín	Pablo Santiago	2	Ciencias	45,4480

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-074	Gregores	Pereira	Paula	2	Artes e Humanidades	78,0005
ED481A-2023-064	Cisneros	Pérez	Xosé Ramón	2	Artes e Humanidades	76,8396



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-068	Trincado	Rodríguez	Carla	2	Artes e Humanidades	72,2089
ED481A-2023-085	Manso	Fraga	Tomás	2	Artes e Humanidades	71,9047
ED481A-2023-080	Boullosa	Fraga	Adrián	2	Artes e Humanidades	70,7161
ED481A-2023-126	Rodríguez	Gutiérrez	Sergio	3	Artes e Humanidades	69,1751
ED481A-2023-173	Serantes	Otero	Sergio	3	Ciencias	87,2754
ED481A-2023-053	Alvite	Pazó	Raúl	3	Ciencias	86,5680
ED481A-2023-032	Alvite	Pazó	Samuel	3	Ciencias	85,8068
ED481A-2023-178	Aira	Rodríguez	Carla	3	Ciencias	85,4755
ED481A-2023-145	Pérez	Pérez	Manuel	3	Ciencias	85,2283
ED481A-2023-192	Crespo	Otero	Alfredo	3	Ciencias	84,9232
ED481A-2023-058	Pérez	Maneiro	Martín	3	Ciencias	83,2688
ED481A-2023-111	Fernández	Feijoo	Fátima	3	Ciencias da Saúde	84,3300
ED481A-2023-036	Battistini		Elisa	3	Ciencias da Saúde	83,0800
ED481A-2023-073	Posse	Cepeda	Cristina María	3	Ciencias da Saúde	81,3756
ED481A-2023-037	Baena	Paz	Julia	3	Ciencias da Saúde	81,2470
ED481A-2023-076	Fernández	Santos	Maider	3	Ciencias da Saúde	78,4287
ED481A-2023-168	Carou	Senra	Paola	3	Ciencias da Saúde	78,1977
ED481A-2023-141	Castedo	Caldeiro	Noelia	2	Ciencias da Saúde	77,2090
ED481A-2023-146	Rodríguez	González	Sandra	3	Ciencias da Saúde	76,8408
ED481A-2023-164	Pita	Vilar	María	3	Ciencias da Saúde	76,7657
ED481A-2023-167	Pozo	Rodríguez	Marta	2	Ciencias da Saúde	76,0055
ED481A-2023-115	Díaz	Vázquez	Beatriz	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	82,0255
ED481A-2023-045	García	Maseda	María	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	79,4490
ED481A-2023-063	Vicente	Iglesias	Gemma	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	78,9718
ED481A-2023-158	Domínguez	Vázquez	Vanessa	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	77,0940
ED481A-2023-070	Feijoo	Outumuro	Julia		Ciencias Sociais e Xurídicas	72,9612
ED481A-2023-159	García	Palmeiro	Antonio	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	72,5590
ED481A-2023-043	Forja	Pena	Tania	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	71,7430
ED481A-2023-098	Mañá	Fosado	Patricia	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	69,9489



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-121	Díaz	Parga	César	3	Enxeñaría e Arquitectura	88,9823
ED481A-2023-049	Feijoo	Fontán	Martina	2	Ciencias	82,9587
ED481A-2023-163	Losada	Castro	Pablo	3	Ciencias	82,4710
ED481A-2023-023	Ramos	Pérez	Brais	2	Ciencias	82,4266
ED481A-2023-140	Suárez de Cepeda	Fuentes	Pilar	2	Ciencias	82,1030
ED481A-2023-103	Cacheiro	Vázquez	Raúl	2	Ciencias	82,0876
ED481A-2023-061	Rodríguez	Acevedo	Iria	3	Ciencias	81,3385
ED481A-2023-060	Vicente	García	Laura	2	Ciencias	81,1053
ED481A-2023-137	Suárez	Lustres	Alejandro	3	Ciencias	80,7368
ED481A-2023-143	Casabella	Amieiro	Braulio	3	Ciencias	79,7748
ED481A-2023-066	Rodríguez	Anadón	Andrés	3	Ciencias	79,6175
ED481A-2023-051	Rodríguez	Fernández	Emilio Xosé	2	Ciencias	79,3575
ED481A-2023-093	Cabezón	Vizoso	Alfonso	3	Ciencias	79,3042
ED481A-2023-138	Ramos	Lage	Lucía	3	Ciencias	79,1800
ED481A-2023-083	Torrón	Celada	Alba María	3	Ciencias	79,1358
ED481A-2023-025	Varela	Miguéns	Marta	2	Ciencias	78,6867
ED481A-2023-128	Troitíño	Cora	Sara	2	Ciencias	78,0900
ED481A-2023-026	Martínez	Delgado	David	3	Ciencias	78,0750
ED481A-2023-124	Malavé	Fernández	María Valentina	3	Ciencias	77,3113

Universidade de Vigo.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-182	Nieves	Fernández	Mar	2	Artes e Humanidades	74,7168
ED481A-2023-185	Rodríguez	Diéguez	Iago	2	Artes e Humanidades	74,4600
ED481A-2023-133	Fernández	López	Carlos	2	Artes e Humanidades	74,0284
ED481A-2023-086	Jiménez	Desmond	Daniel José	2	Artes e Humanidades	73,2389
ED481A-2023-082	Piñeiro	Fernández	Sara	2	Artes e Humanidades	71,5415
ED481A-2023-092	Garrido	Aniorte	Noemí	1	Artes e Humanidades	69,0280
ED481A-2023-012	Osorio	Novas	Elisa	2	Ciencias	85,5676
ED481A-2023-087	Irfan		Muhammad	3	Ciencias	85,0600
ED481A-2023-227	Rodríguez	García	Brais		Ciencias	84,1340



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2023-018	González	Romero	Iria	2	Enxeñaría e Arquitectura	79,5666
ED481A-2023-090	González	González	Jaime	3	Enxeñaría e Arquitectura	77,9665
ED481A-2023-132	Lagoa	Núñez	Aarón	2	Ciencias	83,2309
ED481A-2023-130	García	López	Alejandra	3	Ciencias	80,2617
ED481A-2023-089	González	Vázquez	Luis Daniel	2	Ciencias	79,5993
ED481A-2023-134	Costas	Ríos	Lara	3	Ciencias	77,8944
ED481A-2023-084	Lugilde	López	Adrián	1	Enxeñaría e Arquitectura	77,2924

ANEXO II

Listas de espera

Universidades do SUG.

Orde	Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Puntuación
1	ED481A-2023-120	USC	Capelo	Diz	Alba	3	76,6503
2	ED481A-2023-095	UDC	Lejo	Santiago	Jorge	3	76,5220
3	ED481A-2023-225	UVigo	Toba	Pérez	Artai	2	76,4650
4	ED481A-2023-223	UDC	Filgueiras	Rilo	Juan Luis	3	76,4001
5	ED481A-2023-170	USC	Porres	Ventín	Laura	3	76,3740
6	ED481A-2023-030	USC	Besteiro	Sáez	Javier	3	76,2941
7	ED481A-2023-212	UDC	Rodríguez	Montes	Andrea	2	76,1203
8	ED481A-2023-091	USC	Diz	Castro	Daniel	2	76,0697
9	ED481A-2023-015	UVigo	González	Feijoo	Rocío	1	75,7995
10	ED481A-2023-069	UDC	Ansín	Vallejo	Carmen	2	75,3065
11	ED481A-2023-122	UDC	Lagos	Rodríguez	Manuel	3	75,2625
12	ED481A-2023-162	UDC	Fouz	Penas	Uxía	2	74,8704
13	ED481A-2023-171	UDC	Vila	García	Alejandro	2	74,8333
14	ED481A-2023-055	USC	Carcacia	Campos	Isaac	3	74,7235
15	ED481A-2023-136	UVigo	Morales	Fernández	Ainhoa	2	74,6320
16	ED481A-2023-078	UDC	Naveira	Pazos	Cecilia	2	74,4985
17	ED481A-2023-044	USC	Romero	Estonllo	Marc	3	74,2210
18	ED481A-2023-097	USC	Wendel		John	3	73,7949



Orde	Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadia	Puntuación
19	ED481A-2023-198	USC	Galindo	Morales	Sara	3	73,7043
20	ED481A-2023-183	UVigo	Sánchez	Guirao	Laura	3	73,5535
21	ED481A-2023-190	UDC	Sánchez	Rebón	Bianca	3	73,4716
22	ED481A-2023-217	UDC	Carnota	Núñez	Juan José	2	73,4105
23	ED481A-2023-081	UDC	Rodríguez	Buján	Iván	1	73,3550
24	ED481A-2023-155	USC	Oreiro	Martínez	Paula	1	73,0554
25	ED481A-2023-161	USC	Lois	Cuns	Raúl	3	72,6623
26	ED481A-2023-022	USC	Carracedo	Pérez	María	3	72,6265
27	ED481A-2023-007	UDC	Lamas	Sardiña	Víctor Juan	2	72,2726
28	ED481A-2023-197	USC	Couto	Pintos	Manuel	2	72,2329
29	ED481A-2023-160	USC	Valín	Morandeira	María del Rocío	2	71,8407
30	ED481A-2023-154	USC	Lestido	Cardama	Yago	3	71,7699
31	ED481A-2023-199	USC	Herves	Pardavila	David	3	71,6067
32	ED481A-2023-009	UDC	Molares	Ulloa	Andrés	2	71,3840
33	ED481A-2023-013	UVigo	Parente	Sendín	Andrea	2	71,1420
34	ED481A-2023-031	UDC	Alvite	Bergara	Nerea	3	71,1392
35	ED481A-2023-052	UDC	De Castro	Celard	David	2	71,1026
36	ED481A-2023-139	UDC	Guerra	Fandiño	Verónica	2	71,0709
37	ED481A-2023-106	UDC	Lema	Arranz	Carlota	2	70,7875
38	ED481A-2023-016	UVigo	Martínez	Castillo	Cecilia Araceli	2	70,6675
39	ED481A-2023-011	UVigo	Calvo	Portela	Noemi	2	70,3880
40	ED481A-2023-142	UDC	Pérez	Ferreiro	María	2	70,3773
41	ED481A-2023-189	USC	López	Pedrares	Javier	3	70,0981
42	ED481A-2023-002	UDC	Siaba	Casais	Sabela	2	69,8305
43	ED481A-2023-156	UDC	Pérez	Reales	Jesús Adrián	3	69,7235
44	ED481A-2023-127	USC	Gestoso	Castroagudín	Andrea	1	69,4316
45	ED481A-2023-019	UVigo	Copete	Hernández	María Fernanda	3	69,4180

